
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O LUNS, DÍA 21 DE MAIO DE
2018**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:13 horas do luns día 21 de maio de 2018, coa seguinte orde do día:

1. PDA da Escola no curso 2018/2019.

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Jácome Burgos	Alfredo
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco
Pena Mosquera	Luis
Pérez Pérez	Ignacio
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar	Iván
Martínez Díaz	Margarita
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María

ESTUDANTES

Albar Martínez	Sara
García-Alén Lores	Gonzalo
Soriano Sutil	Alejandro
Sotelo Domínguez	Luis
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Carro López	Diego
Fé Marques	Jaime
Peña Gonzalez	Enrique

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. José París, Subdirector da Escola.

1. PDA da Escola no curso 2018/2019.

O Director informa que se remitiu a proposta de PDA realizada pola Reitoría. Ademais remitiuse tamén un email aos membros da Xunta que contiña un resumo que incluía os cambios iniciais a incorporar á proposta da Vicerreitoría. O Director indica que nesta PDA se mantén a mesma carga lectiva de h/ECTS que o ano pasado: 10h/ECTS presenciais en obrigatorias de grao e master, 10h/ECTS presenciais nas optativas do Máster e 7 h/ECTS nas optativas do grao. O Director detalla os aspectos esenciais destas modificacións e indica que o vicerreitor xa reconsiderou parte da súa proposta inicial.

GEOP

Impartiránse as tres especialidade do Grao en Enxeñería de Obras Públicas

Con respecto á PDA do curso 2017-2018 os cambios son:

1º: GDE=1, GDI=3 (disminúe 1 GDI)

2º: GDE=1, GDI=3 (mesmo número de grupos)

3º (asignaturas obrigatorias comúns): GDE=1, GDI=2 (disminúe 1 GDI)

4º (asignaturas obrigatorias comúns): GDE=1, GDI=2 (disminúe 1 GDI)

Traballo Fin de Grao: GDP=4 (mesmo número de grupos)

Restantes asignaturas: mesmo número de grupos

GTECIC

Prodúcese un cambio de adscripción de área de parte da docencia da asignatura de Debuxo en Enxeñería Civil II, que pasa a impartirse íntegramente pola área de enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría do Depto. Enxeñería Civil trala xubilación do profesor Jesús María de Urrutia.

Con carácter xeral, e respecto ao curso 2017/18:

1º: GDE=1, GDI=3 (disminúe 1 GDI)

2º: GDE=1, GDI=2 (disminúe 1 GDI)

3º: GDE=1, GDI=2 (mesmo número de grupos)

4º: GDE=1, GDI=2 (mesmo número de grupos)

Traballo Fin de Grao: GDP=4 (mesmo número de grupos)

Restantes asignaturas: mesmo número de grupos

MECCP

Respecto ao curso 2017/18:

1º: mesmo número de grupos

2º: mesmo número de grupos

Traballo Fin de Máster: GDP=4 (mesmo número de grupos)

MEA

Con respecto ao curso 2017-2018 mantense o mesmo número de grupos nas asignaturas e no Traballo Fin de Máster

Ademais dos anteriores cambios trasladaráselle ao vicerreitor para a súa posible incorporación na PDA algúnhas modificacións máis. Un terceiro grupo de docencia interactiva nas asignaturas do segundo curso de TECIC xa que o número de alumnos se é sensiblemente parecido ao que hai no GEOP, que ten tres grupos de docencia interactiva. Dese xeito, o TECIC pasaría a ter 1 GDE e 3 GDI no segundo curso

Tamén se recibiron na dirección da Escola suxerencias por parte de membros da Xunta de Escola para incorporar na PDA. Os cambios refírense a grupos de laboratorio (grupos de prácticas) relativos a prácticas de laboratorio en aquelas asignaturas nas que se realizan. Así, as asignaturas do eido da física, dos materiais de construción e de topografía do primeiro curso de ambos graos terán 4 grupos de prácticas. O mesmo ocorre coa asignatura de Métodos Numéricos e Programación de terceiro curso de TECIC

OPTATIVAS

Con respecto á oferta de asignaturas optativas o Director informa de que a normativa da UDC establece que para poder ofertar unha asignatura optativa ten que ter matriculados polo menos 10 alumnos no curso anterior, exceptuando os casos nos que non se poida

garantir a optividade (tén que haber cando menos unha asignatura máis ofertada que o número de asignaturas que tén que cursar o alumno).

O Director indica que non trae ningunha proposta con respecto ás optativas e explica o procedemento seguido en 2017-2018, que consiste en ofertar todas as asignaturas e que despois non se impartan aquelas que teñan un número baixo de alumnos unha vez formalizada a matrícula en setembro. O Director indica que o vicerreitor lle trasladou que esa proposta non sería posible este ano. A proposta do vicerreitorado é que se oferten para matrícula as asignaturas optativas con 10 alumnos ou máis no curso anterior pero sen asignación de horas docentes a profesorado, e que as de menos de 10 alumnos non se oferten.

Intervén o estudante Luis Sotelo preguntando a finalidade dos grupos. Resposta o Director explicando a organización.

O Director indica que é moi importante ter unha oferta ampla de asignaturas optativas para o alumnado para que poidan especializar a súa formación no que lles pareza máis axeitado e pensen que lles poida facilitar o acceso ao mercado laboral.

Intervén a profesora Margarita Novales indicando que non asignar horas docentes ás asignaturas optativas pode ter consecuencias na contratación do profesorado, en particular nos contratos dos profesores asociados.

Intervén o profesor Alberto Varela dicindo que co plantexamento do vicerreitorado se un ano unha asignatura ten menos de 10 alumnos cae da oferta e xa non se poderá volver a cursar no futuro, aínda que tivese demanda en cursos anteriores.

Intervén o profesor Alfonso Orro indicando que o argumento de ter máis de 10 alumnos para ofertar unha optativa non é realista nos Máster onde o número de alumnos é reducido.

A raíz deste debate, o director plantea que se manteña o sistema de oferta de optativas do curso anterior, mantendo a oferta completa durante o período de matrícula dos estudantes e regularizando esta oferta posteriormente en función do número de alumnos matriculados no mes de setembro. Apróbase esta proposta para que se lle traslade á vicerreitoría.

Intervén o estudante Luis Sotelo indicando que sería importante ter un calendario para saber cando se informaría aos alumnos das asignaturas que finalmente non se van impartir para evitar disfuncións na docencia.

Intervén o profesor Fermín Navarrina indicando que sempre que haxa un número razoable de alumnos e un profesor que poida impartir unha asignatura optativa se debe ofertar, xa que se se quitan optativas o único efecto final é que os estudantes teñen unha menor oferta.

Intervén o profesor Alberto Varela para indicar que os alumnos cando cursan un plan de estudos éste contempla un conxunto de asignaturas optativas que poden elixir. Non impartir asignaturas optativas supón non ofertar o plan de estudos completo que se aprobou e que elixiron cursar os estudantes. Tamén comenta que estas decisións son trascendentais para a Escola e que teñen repercusións na contratación do profesorado. O profesor Alberto Varela pregunta se se vai despedir a profesores asociados. O Director responde que non ten información sobre este punto e que a organización docente lle compete aos departamentos. Finalmente comenta tamén que se chegou a un acordo para que as dúas asignaturas de cooperación para o desenvolvemento que se imparten nos graos se sigan ofertando en ambos graos pero que a efectos de cómputo de horas de docencia e de grupos só se contabilizarán na asignatura correspondente do TECIC, quedando a de GEOP sen horas nin grupos asignados na PDA. O Director trasladará ó Vicerreitor a proposta da Xunta de ofertar todas as materias optativas do curso anterior coas horas de docencia e grupos que lles corresponda.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13: 52 horas do luns día 21 de maio de 2018.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

José París López
Subdirector